

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 7 DE ABRIL DE 2017

LICENZAS

FAVORABLES.-

LIC/340/2015.- 13 PINOS RESTAURACIÓN, S. L.- Aceptar a cesión de viario presentada e conceder licenza de obras de reforma e ampliación de edificación para uso de salón de banquetes na Avda. Cruceiro da Coruña km. 162.

LAP/335/2016.- BURGER KAM, S. L.- Conceder licenza de obra nova para construción de edificación destinada a restaurante na rúa Castilla y León, 1.

LIC/802/2015.- MARÍA BEATRIZ RAVIÑA FERREIRO.- Conceder licenza para obras de reforma de edificación destinada a uso de apartamentos turísticos na rúa Home Santo (do), 16.

LIC/446/2016.- XESTIÓN DE PROXECTOS FUENTES Y ASTRAY, S. L.- Conceder licenza para executar as obras de instalación dun ascensor en edificio de vivendas na Avda. de Salamanca nº 16.

LIC/647/2016.- ROSA MARÍA BERMÚDEZ OTERO.- Conceder licenza para executar as obras de cambio de cuberta en vivenda unifamiliar no lugar Esquipa (A) nº 17.

LIC/1575/2016.- CONSTRUCCIÓN REHABILITACIÓN E REFORMA.- Conceder licenza para executar as obras de instalación de tres ascensores en rúa Alfredo Brañas (de), 12-14 e 16.

LIC/1055/2016.- JOSÉ MANUEL RODRÍGUEZ JALLAS.- Aceptar a cesión de viario formalizada en escritura pública e conceder licenza para a construción de edificación para garaxe e usos complementarios de vivenda unifamiliar existente e cerrume en linde de parcela no lugar de Vilastrexe, nº 57.

LIC/304/2016.- JOSÉ MANUEL CASTELAO FIGUEIRAS.- Conceder licenza para legalización de reforma interior en planta segunda e ampliación en planta baixo-cuberta dun inmovible sito en Camiño da Ameixaga nº 2.

LIC/1149/2014.- MARÍA CANABAL SUAREZ.- Conceder licenza para executar as obras de substitución de cuberta en rúa Agra do Vieiro nº 10

LIC/1011/2016.- S.C. GALICIA HOTELES, S. L.- Conceder licenza para a instalación dun ascensor en Avda. de Rosalía de Castro nº 98.

2.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á aceptación da cesión de viario presentada e conceder licenza de obras de reforma e ampliación de edificación para uso de salón de banquetes na Avda. Cruceiro da Coruña km. 162. LIC/340/2015. Apróbase a proposta.

3.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á solicitude de licenza de obra nova para construción de edificación destinada a restaurante na rúa Castilla y León, 1. LAP/335/2016. Apróbase a proposta.

4.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á solicitude de licenza para obras de reforma de edificación destinada a uso de apartamentos turísticos na rúa Home Santo (do), 16. LIC/802/2015. Apróbase a proposta.

5.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á solicitude de licenza para executar as obras de instalación dun ascensor en edificio de vivendas na Avda. de Salamanca nº 16. LIC/446/2016. Apróbase a proposta.

6.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á solicitude de licenza para executar as obras de cambio de cuberta en vivenda unifamiliar no lugar Esquipa (A) nº 17. LIC/647/2016. Apróbase a proposta.

7.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á solicitude de licenza para executar as obras de instalación de tres ascensores en rúa

Alfredo Brañas (de), 12-14 e 16. LIC/1575/2016. Apróbase a proposta.

8.- **Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á aceptación da cesión de viario formalizada en escritura pública e conceder licenza para a construción de edificación para garaxe e usos complementarios de vivenda unifamiliar existente e cerrume en linde de parcela no lugar de Vilastrexe, nº 57. LIC/1055/2016.** Apróbase a proposta.

9.- **Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á solicitude de licenza para legalización de reforma interior en planta segunda e ampliación en planta baixo-cuberta dun inmovible sito en Camiño da Ameixaga nº 2. LIC/304/2016.** Apróbase a proposta.

10.- **Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á solicitude de licenza para executar as obras de substitución de cuberta en rúa Agra do Vieiro nº 10. LIC/1149/2014.** Apróbase a proposta.

11.- **Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á solicitude de licenza para a instalación dun ascensor en Avda.de Rosalía de Castro, nº 98. LIC/1011/2016.** Apróbase a proposta.

12.- **Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á aprobación do expediente denominado "Servizo de redacción das bases técnicas para a definición do servizo de recollida de residuos sólidos urbanos e mantemento das illas soterradas do Concello de Santiago de Compostela", gasto e apertura do procedemento de adxudicación.** Apróbase a apertura do procedemento de adxudicación do servizo, mediante procedemento negociado sen publicidade, establecéndose un tipo de licitación de 59.99,30 euros, máis IVE de 12.599,85.

13.- **Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á transmisión da licenza de taxi número 69 a favor de D. ROBERTO QUINTEIRO MEJUTO, por defunción de su pai, D. ANTONIO QUINTEIRO SALGUEIRO, titular legal da mesma.** Apróbase a proposta.

14.- **Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á aprobación da autorización para o reinicio das obras de acondicionamento do local para "Casa das Mulleres".** Autorízase o reinicio das obras de acondicionamento suspendidas por acordo da Xunta de Goberno do 10 de marzo. O prazo de remate é de seis semanas.

15.- **Proposta da concelleira delegada de Políticas Sociais, Diversidade e Saúde relativa á resolución do contrato "Servizo de vixilancia e seguridade das instalacións da Unidade Municipal de Atención ó Drogodependente" e prohibición de contratar a SEGUR IBERICA SA.** Acórdase resolver o contrato coa empresa Segur Ibérica SA para a prestación do servizo de vixilancia e seguridade das instalacións da UMAD, por atoparse en concurso segundo o declarado polo Xulgado do Mercantil nº3 de Madrid. Acórdase declarar a prohibición de contratar co Concello, que subsistirá polo tempo que se manteña a situación de concurso de Segur Ibérica.

16.- **Proposta da concelleira delegada de Centros Socioculturais dando conta da concesión das actividades do programa "LER CONTA MOITO" 2017, para a dinamización da lectura nas bibliotecas públicas integradas na rede de bibliotecas públicas de Galicia.** Dase conta das actividades concedidas pola Secretaría Xeral de Cultura da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para a programa "Ler conta moito 2017". Serán 13 actividades nos CSC de Conxo, Vite, Santa Marta e Fontiñas, por un importe total de 4.340 euros. Desa cifra, 3.255 euros serán aportados pola Consellería e 1.085 euros polo Concello.

URXENCIAS

1.-**Proposta de alcaldía relativa á adxudicación do contrato Servizo de operación e mantemento da rede de datos do Concello de Santiago de Compostela.** Adxudícase o contrato á empresa Acuntia S.A, por un importe de 43.460,53 euros/ano, máis IVE de 9.126,71 euros/ano. A empresa compromete un total de sete horas presenciais diarias e unha bolsa de cincuenta horas anuais para traballos de consultoría e asistencia.

2.-**Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa á modificación das**

normas de xestión de axudas sociais. Apróbase a modificación das normas de xestión de axudas sociais ao persoal municipal, así como o cadro de importes que se aplicarán para as axudas correspondentes aos gastos efectuados no ano 2016 e sucesivos.

3.-Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa á aprobación do prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade, do servizo de coordinación e dinamización do proceso de Orzamentos Participativos “Compostela Decide”, ano 2018. Apróbase o prego, que contempla un orzamento de licitación de 59.958,99 euros, máis IVE de 12.591,39 euros.

4.-Proposta de alcaldía relativa ás áreas de actividade obxecto da reserva de contratos a centros especiais de emprego e empresas de inserción e condicións para garantir o seu cumprimento. Acórdase que as áreas de actividade obxecto dos contratos ou lotes que se poden reservar a centros especiais de emprego ou empresas de inserción laboral son as seguintes:

- _ Mantemento e conservación de zonas verdes
- _ Mantemento e conservación de bens inmobles
- _ Servizos de restauración, catering e hostalería
- _ Recollida e transporte de residuos
- _ Servizos auxiliares e de conserxería
- _ Servizos de dixitalización e tratamento documental
- _ Servizos de artes gráficas
- _ Servizos de mensaxería
- _ Servizos relacionados con actividades de especial perspectiva social

A Xunta de Goberno poderá ampliar a reserva a outros obxectos contractuais atendendo á súa adecuación ás prestacións dos centros e das empresas ás que se refire este punto. A reserva deberá especificarse nos pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas, na denominación ou título do contrato e no anuncio de licitación.